

## Ciencias Sociais: vilas e cidades

Para a actividade desta semana, teremos que escoller un lugar do mundo que nos guste, que nos pareza interesante, que queiramos visitar ou que xa visitásemos no pasado. Tamén pode ser o lugar onde vivimos.

O que teremos que facer é das resposta as seguintes preguntas para averiguar que tipo de localidade é: se é unha vila ou unha cidade. Recordades as diferencias? Déixovos por aquí as páxinas do libro por se non as recordades e precisades lembralas.

### Que é unha localidade?

A **localidade** é o conxunto de edificios, rúas e prazas onde viven as persoas. Segundo o seu número de habitantes, as localidades poden ser **cidades** ou **vilas**.

### As cidades

Unha **cidade** é unha localidade grande cunha poboación numerosa, que recibe o nome de **poboación urbana**. Xeralmente, ten as seguintes características:

- Os seus **edificios** son altos, xa sirvan para vivendas ou oficinas.
- Moitas das súas **rúas** son amplas e longas. Por elas, circulan numerosos vehículos e acollen gran variedade de comercios.
- Conta con **medios de transporte colectivo**, como o autobús.
- Algúns dos seus habitantes traballan en fábricas, pero a maioría faino ofrecendo **servizos**, por exemplo en comercios, transportes, hospitais ou escolas.
- Adoita dividirse en tres **grandes zonas**: a parte máis moderna, o núcleo antigo e as aforas.

### As vilas

Unha **vila** é unha localidade máis pequena que a cidade e cunha poboación máis reducida, denominada **poboación rural**. Ademais, polo xeral, reúne estas características:

- As súas **casas** son máis baixas que as das cidades e adoitan servir de vivenda para as familias.
- As súas **rúas** son máis curtas e estreitas que as das cidades, e presentan menos tráfico. En moitas vilas, parten dunha **praza** principal, onde está o concello.
- Adoita contar con menos **medios de transporte colectivo** que unha cidade ou carece practicamente deles.
- Do mesmo xeito que a cidade, dispón de **servizos**: colexio, centro de saúde, comercios ou pequenas empresas, aínda que hai localidades moi pequenas que carecen deles. A **poboación** adoita dedicarse ao cultivo da terra, á gandería ou á pesca e, en ocasións, ao turismo.
- Se é o suficientemente grande, a vila divídese en **barrios**, igual que sucede nas cidades.

### A organización dunha cidade:



Teredes que completar a información nos seguintes cadros. Para iso, podedes consultar, coa axuda dun adulto, a información na rede.

Cántos habitantes ten?	
Ten casas ou edificios? Como son as vivendas? Hai rañaceos?	
Como son as súas rúas? Amplas e longas ou curtas e estreitas?	
O lugar ten medios de transporte colectivos (metro, bus, ave, tranvía)?	
Conta con moitos ou poucos servizos (colexio, centro de saúde, comercios, pequenas empresas)? Cales ten?	
A que se adica a maioría da poboación? Onde traballan?  Traballan en comercios, transportes, hospitais e escolas ou traballan no cultivo da terra, a gandería ou a pesca?  Hai algún polígono industrial?	

Con toda a información que recolliches e lendo as definicións de cidade e vila, o lugar que escolliches achégase máis a definición de cidade ou de vila? É dicir, parécese máis a unha cidade ou a unha vila?

---

Agora, terás que buscar algunhas imaxes que representen o lugar que escolliches, é dicir, procura que as imaxes que escolliches, teñan relación coa información que recolliches. Para enviarmo ao correo, podes copiar e pegar as imaxes directamente nun documento coma este.